

Transformamos os residuos en recursos



Entrevistamos a...



Leandro Barquín
Director de la Fundación Fórum Ambiental

“En gestión de residuos seguimos lejos de los objetivos europeos”

[Ler máis...](#)



Antonio Pena
Gerente de Coregal

“Precisamos tomarnos en serio la gestión de los residuos”

[Ler máis...](#)

Editorial



Javier Domínguez
Presidente de Sogama

Máis reciclaxe e menos residuos

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Sogama acollerá a primeira planta pública de Galicia de tratamento de residuos téxtiles



A Xunta de Galicia destinará 25 millóns de euros ás novas instalacións, que comezarán a funcionar en 2026. A planta poderá

procesar ata 24.000 toneladas anuais de residuos téxtiles para a súa reciclaxe.

[Ler máis...](#)

Actualidade

Sogama impulsa a recollida diferenciada de biorresiduos cun canon que en 2025 só sube co IPC

Reciclaxe da bolsa amarela nos concellos adheridos a Sogama

Crecemento das visitas ao Complexo Medioambiental

[Ler máis...](#)

Multimedia

E ti, reciclas ben?



Energías limpas, clave de futuro



De xantar, rosca!



[Ver máis...](#)

Eventos

Sogama impulsa o liderado de Galicia no sector téxtil

Presentación dun informe sobre o potencial económico do sector dos residuos

[Máis eventos...](#)

Curiosidades

2024, un ano de desafíos climáticos para a Unión Europea

Entra en vigor a Directiva sobre o cargador común

[Máis curiosidades...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

Pelotas de arroz

[Ver receita...](#)

Editorial



Máis reciclaxe e menos residuos: a fórmula para reducir a factura de Sogama

Debido á aplicación dunha serie de medidas estatais que van máis aló dos impostos establecidos á vertedura e á incineración, e ante a negativa do Goberno central de dar marcha atrás nas súas pretensións de seguir penalizando a empresas de xestión de residuos e cidadanía, Sogama viuse obrigada a actualizar o seu canon para este ano 2025. Non facelo tería graves consecuencias para a prestación do seu servizo, que non é outro que xestionar e tratar de forma sostible os residuos producidos por 295 concellos que acollen a máis de 2,2 millóns de habitantes.

Logo de varios exercicios de estabilidade financeira, froito dunha xestión prudente, racional, consecuente e reflexiva, pero tamén innovadora, investidora e de futuro, as decisións adoptadas desde Madrid provocaron que esta entidade pública entrase en perdas e tivese que lidiar cun desaxuste de máis de 30 millóns de euros. Unha situación insostible que comprometía o seu labor na protección do medio ambiente e a saúde pública.

Así as cousas, e tras un exhaustivo estudo económico-financeiro, a compañía actualizou o seu canon para a fracción resto (108 euros/tonelada) e a Xunta de Galicia saíu de novo ao rescate dos concellos para minimizar o impacto das accións promovidas polo Estado, asumindo o 60% da suba do prezo do servizo prestado por Sogama. Os entes locais, ademais de recibir un ingreso de 12 euros/tonelada procedente da Administración autonómica a través dun FCL adicional, tiveron a opción de acollerse a un canon reducido de 95 euros/tonelada, condicionado ao cumprimento dun destes dous requisitos: reducir a produción de residuos nun 1% respecto dos resultados do exercicio inmediatamente anterior ou incrementar a reciclaxe da bolsa amarela (envases de plástico, latas e briks) ou marrón (materia orgánica) nun 3%. Con isto, o custe real do servizo podería baixar ata os 83 euros/tonelada e, ademais, con marxe de mellora se os concellos minoran en maior medida a xeración de residuos e contribúen á

reciclaxe das distintas fraccións de residuos, polo que tamén recibirán ingresos procedentes de entidades tales como Ecoembes e Ecovidrio. Desta forma, só o 31,20% da actual composición media dunha bolsa negra debería chegar a Sogama para recibir tratamento.

Xerar menos residuos e reciclar máis supón unha oportunidade para a economía circular e, polo tanto, para a conservación dos escasos e limitados recursos naturais dos que dispón o planeta, así como para o aforro de enerxía, pero sobre todo, supón unha oportunidade para un futuro sostible.

[Editorial en castelán](#)

Presidente

Javier Domínguez Lino

Entrevistamos a...



Leandro Barquín

Director de la Fundación
Fórum Ambiental

“En gestión de residuos municipales, seguimos lejos de los objetivos europeos; las urgencias son muchas y el recorrido, escaso”

Con más de 25 años de trayectoria, la Fundación Fórum Ambiental impulsa la sostenibilidad mediante la colaboración público-privada, fomentando la economía circular y una gestión eficiente de los residuos.

A pesar de ciertos avances, su director, Leandro Barquín, advierte que el progreso sigue siendo insuficiente y que las urgencias ambientales exigen mayor inversión, transparencia y compromiso de todos los actores involucrados. Asimismo, subraya la importancia de mejorar la comunicación sobre el impacto real de los residuos, el coste de su tratamiento y la normativa que afecta a la ciudadanía.

La Fundación Fórum Ambiental es una entidad sin ánimo de lucro creada hace ya más de 25 años y cuyo cometido es impulsar la cultura de la sostenibilidad desde la colaboración público-privada ¿En qué ámbitos se mueve la Fundación y cuáles son sus objetivos?

En efecto, llevamos trabajando desde nuestros orígenes para que la gestión del medio ambiente aporte más valor a la sociedad, ¿cómo?, pues generando más actividad económica, más puestos de trabajo, más y mejor conocimiento, más innovación y mejor servicio a la ciudadanía. Creemos que, desde el interés público, y en colaboración con la iniciativa privada, podemos progresar adecuadamente y contribuir a reducir el impacto del cambio climático, la descarbonización de la economía, generar mejores puestos de trabajo y más actividad económica, y trabajar con el fin de

fortalecer el compromiso colectivo necesario para abordar las urgencias y desafíos que nos plantean las diferentes crisis ambientales.

¿Qué valoración hace de estos 25 años de actividad?

Nuestra actividad ha evolucionado en línea con la sociedad. Hemos avanzado en conocimiento y la mayoría de la ciudadanía, administraciones y entidades privadas han asumido la urgencia de cambiar las cosas para no dañar más el planeta. Se busca asegurar un futuro justo y próspero para las generaciones futuras.

En este contexto, centramos nuestro trabajo en promover una correcta gestión de los residuos y de los recursos materiales de nuestra actividad económica, además de trabajar para cambiar el modelo económico y de consumo. Impulsamos la economía circular, que supone consumir menos y con

“Parece improbable que, con la tasa de residuos y la venta de materiales recuperados podamos cumplir los objetivos.”

mayor conciencia, al tiempo que aprovechamos los recursos disponibles en un planeta que es finito.

Han llevado a cabo numerosos proyectos y estudios vinculados a la gestión de los residuos, lo que les ha permitido seguir muy de cerca la evolución de la gestión de los residuos municipales en España y en

[Volver á portada](#)

3



Entrevistamos a...



Leandro Barquín (segundo por la derecha) durante una sesión del grupo de trabajo de Entidades supramunicipales de gestión de residuos, ESGREM.

Europa. ¿En qué punto nos encontramos?

Quisiera poder decir que estamos razonablemente bien, pero la realidad nos dice que, en España, todavía nos encontramos lejos de cumplir los objetivos marcados por Europa y las leyes españolas. Aunque hay quien afirma que, en los últimos tiempos hemos avanzado, el progreso ha sido mínimo, porque las urgencias son muchas y el recorrido escaso. Prevenir la generación de residuos, reutilizar y reciclar más y con mayor calidad requiere una mayor inversión y compromiso de todas las partes. Debemos promover una mayor transparencia y mejor comunicación y hacerlo desde la colaboración y el trabajo compartido. Esto no va solamente de hacerlo mejor o peor, sino de contribuir a un futuro más próspero y justo.

Una de las jornadas que organizaron a finales del año 2024, giró en torno al sugerente título de "Cómo implantar la mejor tasa de residuos posible y no morir en el intento". ¿Es posible llegar a una tasa de

residuos que sea sostenible desde el punto de vista ambiental, económico y social?

Ese es el objetivo y eso es lo que nos indica la ley. La ciudadanía, a través de la tasa, debe cubrir todos los costes de la recogida y el tratamiento de los residuos que generamos. Este principio parece razonable; pero la cuestión es si procede el esfuerzo que se pide a la vecindad, después de años de inacción, poco interés político, mínima inversión e insuficiente normativa. En cualquier caso, parece improbable que, con la tasa y la venta de materiales recuperados, podamos cumplir los objetivos que tenemos establecidos en los plazos marcados. Tal vez, tenga sentido pedir a las administraciones competentes un mayor esfuerzo para invertir en recursos e infraestructuras, lo que permitiría aumentar gradualmente la tasa y que esta fuera más justa a nivel social y ambiental.

Incrementar la tasa de residuos se ha venido concibiendo como una medida impopular. A su juicio, ¿cuáles son las razones por las que no se valora este

servicio y por qué la reticencia de las entidades locales a implantar tasas que no sean deficitarias?

¿Alguien ha explicado a los ciudadanos y ciudadanas lo que cuesta recoger y tratar los residuos que generan y a qué y cómo destinamos los ingresos de la tasa? ¿Saben los vecinos y vecinas que hay un principio elemental, que no aplicamos de manera profunda ni convincente, que dice que, quien contamina, paga? Sabemos que hay otras maneras de consumir que son más sostenibles, es decir, que tienen menos impacto; pero ¿se ha promovido entre los productores nuevos diseños, más duraderos y que produzcan menos residuos? Explicamos poco y no siempre bien. También debemos desmontar la idea errónea de que pagar impuestos nos exonera de toda responsabilidad, ya que estos no son suficientes para cubrirlo todo. Debemos profundizar en el concepto del Bien Común y en la asignación de recursos para mantener el bienestar y progreso. Debemos sacar a los políticos de su zona de confort. Los residuos no deben producirse y, cuando se



Entrevistamos a...

producen, deben gestionarse de una manera inteligente y justa. En este sentido el cumplimiento de las leyes y las actitudes de los responsables públicos son claves para avanzar.

La Fundación Fórum Ambiental coordina un interesante grupo de trabajo denominado ESGREM. ¿Quiénes lo integran, qué labor lleva a cabo y cómo está funcionando?

En estos momentos ESGREM, un grupo de trabajo de Entidades supramunicipales de gestión de residuos que coordina la Fundación Fórum Ambiental, está compuesto por 42 entidades de toda España

que dan servicio a 38 millones de personas tanto en la recogida como en el tratamiento de los residuos domésticos. Comenzamos hace cuatro años en el marco de la discusión de la actual ley de residuos y la progresión está siendo muy satisfactoria. Representamos al mundo local, trabajamos para incidir en el desarrollo normativo para representar mejor los intereses de los municipios, compartimos conocimiento y experiencias y a todos nos une una alta vocación de servicio público y satisfacer mejor las necesidades de nuestros ciudadanos.

**“Debemos
desmontar la idea
errónea de que
pagar impuestos
nos exonera de toda
responsabilidad.”**



PERFIL PROFESIONAL

Leandro Barquín Clopés es licenciado en Derecho y posee diversos posgrados en Economía. Cuenta con una amplia trayectoria en puestos de gestión dentro del sector editorial y, desde 2008 hasta la actualidad, se desempeña como director de la Fundación Fórum Ambiental.



Entrevistamos a...



Antonio Pena

Gerente de Coregal

“Precisamos educación medioambiental y tomarnos en serio la gestión de los residuos”

Coregal se ha consolidado como un referente en gestión medioambiental, economía circular e inclusión laboral de personas con discapacidad en Galicia. De ser un pequeño proyecto en Santiago de Compostela, a día de hoy se ha convertido en un actor estratégico en el sector, con cuatro ecoplantas operativas, una extensa flota de transporte y más de 230 empleados. Su modelo de negocio integra innovación, digitalización y sostenibilidad, apostando por la valorización de residuos para impulsar una economía más responsable. Con una facturación que supera los 10 millones de euros y un crecimiento sostenido, Coregal ha reforzado su compromiso con la Agenda 2030 y los Objetivos de Desarrollo Sostenible. Para Antonio Pena, la educación ambiental y la implicación conjunta de ciudadanía, empresas y administraciones son fundamentales en la gestión de residuos, promoviendo incentivos al reciclaje en una primera fase y estableciendo sanciones progresivas para garantizar su cumplimiento.

Hablar de Coregal es hablar de medio ambiente, economía social e inserción de personas con discapacidad. Podríamos decir que hablar de Coregal es, sencillamente, hablar de sostenibilidad. ¿En qué consiste la actividad de esta empresa?

Para mí, hablar de Coregal es hablar de sostenibilidad social responsable y muy comprometida con la sociedad gallega, ya que cumplimos ambas funciones. Hablar de Coregal es hablar del éxito de una iniciativa social que comenzó hace 30 años, en un pequeño bajo de Santiago de Compostela, con tan solo 10 trabajadores, y que hoy da empleo a 236 personas, de las cuales más del 80% tiene algún tipo de discapacidad.

¿Qué servicios prestan y cuáles son sus principales clientes?

La actividad principal de la empresa se centra en la prestación de

servicios medioambientales y se divide en dos pulmones: por un lado, los servicios orientados a la industria y comercio privado, y, por otro, los focalizados en la administración pública y entidades públicas. Este cometido se canaliza a través de nuestras cuatro ecoplantas (Carballo, Boiro y Santiago, en la provincia de A Coruña, y Mos, en la de Pontevedra) que, además, sirven de base de operaciones para la flota de transporte. Fundamentalmente, damos soluciones integrales de recogida, gestión y valorización de residuos, y nos hemos especializado en la búsqueda de soluciones circulares. No obstante, en los últimos años también estamos inmersos en labores de asesoramiento medioambiental. Diseñamos y ejecutamos campañas de formación y concienciación social. También destinamos muchos recursos

“Gestionamos en nuestras cuatro ecoplantas todo tipo de residuos, alrededor de 60.000 toneladas anuales.”

a la búsqueda de propuestas novedosas e innovadoras para la gestión de residuos: desde la implantación de sistemas inteligentes en contenedores, hasta la transformación de aquellos residuos que antes no eran valorizables y que hoy pueden convertirse en nuevos materiales y aplicaciones. Cerramos el año 2024 dando servicio a 684 clientes, de los

🔄 **Volver á portada**

6



Entrevistamos a...

cuales 49 eran administraciones o entidades de carácter público. Por destacar algunos, podríamos mencionar a Froiz, Gealsa, Aluminios Cortizo, Saica, y Concellos como el de Santiago de Compostela, Vilagarcía de Arousa o Boiro.

Creada hace ya más de tres décadas, ¿cómo ha evolucionado Coregal a lo largo del tiempo desde la dimensión industrial, logística y de empleo?

Coregal nació en Santiago, dedicándose casi en exclusiva a la recogida de cartón y con una plantilla integrada por un pequeño grupo de trabajadores. A día de hoy, gestionamos en nuestras cuatro ecoplantas todo tipo de residuos, alrededor de 60.000 toneladas anuales, y lo hacemos con una flota propia de vehículos de recogida conformada por más de 60 camiones y furgones adaptados. Además, contamos con instalaciones propia de más de 25.000 m².

Afortunadamente, la empresa ha conseguido superar la barrera de los 10 millones de euros de facturación y ojalá sigamos creciendo a este ritmo.

La economía circular constituye la máxima que debe regir la gestión de los residuos. Usted, como protagonista y observador, ¿cree que, como sociedad, avanzamos en el buen camino o todavía no se ha trazado la ruta correcta?

Intento ser optimista. Es cierto que desde Europa se nos ha indicado el camino a seguir, que creo que es el correcto, pero la hoja de ruta establecida conlleva grandes retos y múltiples dificultades. Se necesita una gran implicación de todos los sectores, tanto por parte de la administración como por parte de la industria, sin olvidar a la población. Pesa, y mucho, el comportamiento diario y la forma de actuar de la ciudadanía. Precisamos de mucha, muchísima educación medioambiental y, desde luego, tomarnos muy en serio la gestión de los residuos, tanto en el ámbito doméstico como en el sector industrial. Porque ninguna tecnología en el mundo del residuo funcionará correctamente si nosotros no colaboramos. De poco sirven las famosas 5R sin la R de Responsabilidad o la S de Sentido común, que los gallegos entendemos perfectamente.

La contribución a la consecución de los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS) contemplados en la Agenda 2030 de Naciones Unidas constituye una de las aspiraciones de Coregal. ¿Cuáles han sido los progresos en este ámbito?

Pues es el combustible (ecológico) que mueve a la empresa, el porqué de su existencia y la razón de ser de su día a día. El fin de Coregal no es ganar dinero para repartir dividendos entre accionistas, ya que los beneficios de la compañía se reinvierten en sí misma, o bien se destinan a otras empresas del grupo, que también son CEEIS (Centro Especial de Empleo de Iniciativa Social).

Asimismo, la oportunidad de crear trabajo digno para personas con discapacidad cuya inclusión laboral ordinaria era, y lamentablemente sigue siendo compleja, está en nuestro ADN. Nuestra prioridad es crecer, evolucionar y prosperar para generar más empleo. De hecho, en los últimos 5 años hemos pasado de un equipo de 170 personas trabajadoras fijas a 236. Gracias al buen entendimiento con el comité de empresa y la plantilla, se han



Antonio Pena, ante un contenedor inteligente y la App que hace el seguimiento de las aportaciones de envases por parte de la ciudadanía.

🔄 Volver á portada

7



Entrevistamos a...

“Precisamos de muchísima educación medioambiental y, desde luego, tomarnos muy en serio la gestión de los residuos, tanto en el ámbito doméstico como en el sector industrial.”

llegado a acuerdos e incluso a mejoras del propio convenio sectorial que se han traducido en ingresos superiores a los que correspondería la estricta aplicación del mismo. Otro de los retos, es dar mayor peso a las mujeres en la empresa, aunque nos está costando materializar este objetivo en los puestos de planta industrial o conductoras.

¿Premiar por reciclar o sancionar por no reciclar?

Premiar durante un tiempo; pero tras la fase de formación e información, sancionar por no cumplir las normas. Esto debería ser como los radares de la carretera. Se colocan, durante un tiempo se informa, se incide y, más tarde, se envían sanciones informativas. Al final, cuando se han agotado los recursos educativos, se penaliza, aunque no debe olvidarse premiar a quien lo haga bien.



PERFIL PROFESIONAL

Antonio Pena Seijo es un directivo con amplia experiencia en gestión empresarial, desarrollo de negocio y transformación estratégica en el sector medioambiental y de servicios. Actualmente, es director gerente de COREGAL, donde ha liderado una modernización que ha llevado a la empresa a una facturación cercana a los 10 millones de euros. Anteriormente, ocupó cargos directivos en empresas de reconocido prestigio internacional, destacando en la gestión de proyectos innovadores y sostenibles.



Mundo SOGAMA

Sogama acollerá a primeira planta pública de Galicia de clasificación de residuos téxtiles

A Xunta de Galicia investirá 25 millóns de euros nas novas instalacións, que estarán operativas en 2026. A planta terá capacidade para recuperar ata 24.000 toneladas anuais de residuos téxtiles para a súa reciclaxe



Alfonso Rueda, xunto a Ángeles Vázquez e Javier Domínguez, anunciou que a planta poderá recuperar ata 24.000 toneladas de residuos téxtiles ao ano.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, visitou Sogama o pasado mes de febreiro para presentar o proxecto da que será a primeira planta pública de Galicia para o tratamento de residuos téxtiles. O titular do Goberno autonómico salientou a transversalidade e amplitude do proxecto de construción da nova instalación, que se localizará no Complexo Medioambiental de Cerceda. A Xunta de Galicia investirá 25 millóns de euros nesta infraestrutura e sitúa no segundo trimestre de 2026 a súa entrada en funcionamento. Rueda, que estivo acompañado pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e polo presidente de Sogama, Javier

Domínguez, detallou que a planta terá capacidade para recuperar ata 24.000 toneladas de residuos téxtiles ao ano para a súa posterior reciclaxe. A nova planta terá máis de 8.000 metros cadrados de superficie e será a encargada de clasificar, por composición e cores, os restos de roupa que lle cheguen tanto das empresas de economía social coma dos contedores instalados nos concellos. Unha vez seleccionados serán enviados aos centros específicos para transformalos en fibras téxtiles recicladas. Deste xeito, búscase reducir o consumo de materias primas virxes ou recursos como enerxía e auga que se utilizan á hora de fabricar prendas de roupa, así como atraer investimentos e empresas

vencellados a este sector e apoiar aos concellos coa xestión de residuos. A actual normativa estatal establece que, desde o pasado 1 de xaneiro, os concellos teñen que facer unha recollida selectiva dos residuos téxtiles para o seu posterior tratamento. A norma prohibe exportar este tipo de refugallos e os fabricantes de roupa teñen a obriga de incluír unha porcentaxe de fibras téxtiles recicladas nas novas prendas. Nesta liña, o Goberno galego destina 12 millóns de euros a axudas para apoiar aos concellos na xestión de residuos e habilitará unha oficina específica para asesorar aos municipios na transición cara a unha economía circular.

[Volver á portada](#)

9



Actualidade

Sogama promove a implantación da recollida diferenciada dos biorresiduos cun canon que en 2025 só se incrementa co IPC

A empresa pública pretende incentivar a compostaxe dos residuos orgánicos por parte dos concellos aplicando exclusivamente a suba do IPC ao canon que as entidades locais deben abonar por cada tonelada de lixo. Os concellos, que teñen a obriga de levar a cabo a recollida diferenciada da fracción orgánica, tamén contan co apoio dunha rede pública conformada por 4 plantas de biorresiduos e 13 de transferencia de apoio repartidas pola xeografía galega, garantindo un servizo destas características a menos de 50 quilómetros de calquera municipio galego



A Xunta de Galicia, a través de Sogama, habilitou unha rede de 17 instalacións para axudar aos concellos a cumprir a normativa europea sobre a recollida selectiva da materia orgánica.

O canon de Sogama para a xestión dos biorresiduos recollidos de forma diferenciada a través do contedor marrón actualizou o prezo aplicando o IPC correspondente. Así, de 50 €/Tn en 2024 pasa a ser de 51,4 €/Tn en 2025. Deste xeito, o custe para os concellos resulta inferior ao da bolsa negra (31,6 euros menos por tonelada), unha medida coa que a empresa pública busca incentivar a compostaxe da fracción orgánica e contribuír ao cumprimento dos obxectivos europeos en materia de reciclaxe. A actualización do canon foi publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado 31 de xaneiro.

Dende o 31 de decembro de 2023, a Unión Europea obriga aos concellos a implantar a recollida selectiva da materia orgánica. A Xunta de Galicia, a través de Sogama, propúxose axudalos e, con tal fin, construíu e habilitou unha rede conformada por 17 instalacións: 4 plantas de biorresiduos, unha por provincia, apoiadas por 13 plantas de transferencia equipadas cunha tolva para facilitar o trasvasamento dos residuos orgánicos, dende onde son transportados á planta de compostaxe máis próxima. O obxectivo último desta rede, á que se destinou un investimento

de 45 millóns de euros, dos cales 30 millóns procederon dos Fondos FEDER-REACT como resposta á crise do COVID-19, é que a práctica totalidade dos concellos adheridos a Sogama (295) dispoñan dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia. Por outra banda, Sogama lidera en Galicia un programa de autocompostaxe ao que están adscritas 478 entidades entre as que xa repartiu de forma gratuíta, 23.000 composteiros, ademais de impartir formación específica aos usuarios.



Actualidade



A planta de Cerceda procesou 34.653 toneladas de envases lixeiros.

Os concellos adheridos a Sogama aumentaron un 3,75% a súa achega á reciclaxe da bolsa amarela no 2024

A selección de envases de plástico, latas e briks a través do contedor amarelo continúa en aumento un ano máis nos concellos adheridos a Sogama. Todas as provincias galegas contribuíron en 2024 ao incremento de materiais que, grazas á recollida selectiva e á economía circular, cobran unha nova vida mediante a súa transformación en novos produtos

A cidadanía galega acredita un maior compromiso coa recollida selectiva de residuos segundo se desprende dos datos correspondentes á achega á reciclaxe da bolsa amarela nos concellos adheridos a Sogama no 2024. A planta de clasificación do Complexo Medioambiental de Cerceda recibiu 34.653 toneladas de envases lixeiros a través da bolsa amarela, un incremento dun 3,75% con respecto ao ano anterior, no que se separaron 33.400 toneladas. A achega desta fracción de residuos experimentou un incremento nas catro provincias, sendo especialmente significativo o resultado de Lugo, onde houbo un aumento dun 4,94%. Pontevedra, cun 4,09%, foi a segunda provincia, mentres que A Coruña, cun 3,35%, e Ourense, cun 2,34%, aportaron resultados positivos para o total autonómico. As seis cidades que utilizan os servizos de Sogama tamén remataron o ano con datos favorables. O depósito da bolsa amarela na cidade de Lugo medrou nun 14%, o dobre que

Santiago de Compostela, que acadou un 6,9%, e por riba de Ferrol, que rematou o ano cunha achega un 4,9% maior que no 2023. Pontevedra, Ourense e Vigo aportaron un 2,5%, 1,8% e un 0,1%, respectivamente. O balance de 2024 tamén resultou positivo no que se refire ás toneladas de materia orgánica recollidas no contedor marrón, acadando as 3.180 toneladas que chegaron ás plantas de biorresiduos de Sogama. A incorporación de novos concellos á compostaxe industrial incrementou a materia orgánica seleccionada nun 282% con respecto ás 833 toneladas recollidas no 2023. A estas cantidades habería que engadir as propias da compostaxe comunitaria e doméstica. Un total de 232 concellos de Galicia, ademais de 218 centros educativos e 32 colectivos sociais, atópanse adscritos ao programa de autocompostaxe impulsado por Sogama. Entre as entidades que participan no proxecto téñense repartido máis de 23.100 composteiros de forma gratuíta.

Polo que se refire á bolsa negra, tamén coñecida como "fracción resto", houbo un incremento medio dun 0,45%. A recollida deste residuo, que se fai a través do contedor xenérico, tivo a maior suba na provincia de Ourense, cun 2,07%, seguida pola de Lugo, cun 1,23% e a da Coruña, cun 0,62%. Na provincia de Pontevedra rexistrouse unha redución dun -0,44%. Aínda que a reciclaxe en Galicia avanza, hai marxe de mellora ata acadar os obxectivos europeos. A implicación dos concellos, en quen recae a competencia na xestión dos residuos, resulta estratéxica así como a responsabilidade da cidadanía en facer unha separación en orixe axeitada e colaborar co principio das tres R. Favorecer a reciclaxe e reducir a produción de bolsa negra tradúcese en beneficios ambientais e económicos. A administración local, ademais de ingresos polos materiais destinados á reciclaxe, ve reducida a factura que debe pagar a Sogama pola xestión e tratamento da fracción resto.

🔄 **Volver á portada**

11



Actualidade

As visitas ao Complexo Medioambiental medraron preto dun 50% na última década

Sogama é un punto de encontro coa educación ambiental e mesmo o primeiro contacto de moitos cidadáns coas boas prácticas na xestión responsable dos residuos. As instalacións de Cerceda ofrecen a posibilidade de participar en visitas guiadas para coñecer polo miúdo os procesos que se levan a cabo no Complexo, así como achegarse ás tarefas que se desenvolven na xestión dos residuos. Nos últimos dez anos as visitas a Sogama multiplicáronse, chegando a medrar preto dun 50%



O programa de visitas é un pilar importante da política de transparencia de Sogama.

As visitas externas ás instalacións de Sogama incrementáronse nun 48,5% dende o ano 2014. Hai dez anos 3.112 persoas pasaron polas instalacións de Cerceda, un dato que en 2024 se situou en 4.260 participantes aos percorridos guiados e sesións divulgativas que se levan a cabo en Sogama. O balance foi dado a coñecer polos responsables da entidade no Día Mundial da Educación Ambiental, o pasado 26 de xaneiro. O programa educativo que desempeña a Sociedade Pública supón para moitos cidadáns, de diferentes idades e procedencia, o seu primeiro contacto coa xestión responsable dos residuos, tomando conciencia da importancia do papel da cidadanía na prevención, separación e reciclaxe dos refugallos.

Preto de 86.000 persoas pasaron polas instalacións de Sogama ata o de agora, coñecendo polo miúdo a actividade da sociedade pública e entendendo a xestión que seguen os residuos dende que entran na planta de Cerceda ata que saen da mesma convertidos en recursos. O programa de visitas é un pilar importante da política de transparencia de Sogama. Calquera cidadán pode coñecer a actividade do Complexo Medioambiental e o seu papel na xestión dos residuos e na economía circular. Sogama considera necesario explicar, mostrar e interactuar cos distintos colectivos sociais de xeito aberto para conseguir reorientar hábitos e comportamentos cara á protección do medio ambiente. Ao finalizar cada visita, os visitantes enchen un cuestionario de carácter

anónimo no que poden avaliar todos os pormenores da experiencia, dende os contidos transmitidos ata as atencións recibidas polos monitores. As valoracións do programa de Sogama sempre foron moi positivas, cunha puntuación media de 4,8 nunha escala do 0 ao 5. O público destaca especialmente a organización, a coordinación, o enfoque didáctico e/ou técnico, e as atencións recibidas en todo momento. A entidade conta cun protocolo específico que contempla a idade, o nivel educativo, a formación específica e as inxerencias dos visitantes para poder aproveitar a súa experiencia. Esas pautas tamén establecen as medidas de seguridade para facer que o percorrido se adapte ao perfil dos visitantes e á prevención que require un Complexo Ambiental coma este.

[Volver á portada](#)

12



Actualidade



O programa formativo que Sogama mantén nos concellos está dirixido á toda a veciñanza.

Continúan as formacións presenciais polos concellos galegos tras chegar a preto de 5.300 persoas no pasado ano

Numerosas localidades galegas recibiron a visita dos técnicos de Sogama para impartir sesións formativas presenciais sobre a xestión sostible dos residuos que se producen cada día no ámbito doméstico e a importancia da práctica dos tres erres: redución, reutilización e reciclaxe

No 2024 preto de 5.300 persoas participaron nas formacións do programa educativo que Sogama deseñou para atender in situ a colectivos que, dadas as súas características e situación xeográfica, non poden visitar o Complexo Medioambiental de Cerceda. Os expertos da sociedade pública ofrecen información e consellos prácticos para que os cidadáns poidan levar a cabo unha correcta xestión dos residuos que producen cada día a través da redución, a reutilización e a reciclaxe.

Nuns casos, as charlas centráronse en explicar a problemática inherente á elevada produción de residuos e como minimalos a

través do consumo responsable e o alongamento da vida útil dos produtos. Noutros, a prioridade dos grupos atendidos residía na reciclaxe e pedían que se detallasen os refugallos que deben ou non depositarse en cada contedor co fin de contribuír a incrementar as taxas de reciclaxe e cumprir así cos esixentes obxectivos europeos na materia para os próximos anos. A compostaxe doméstica foi outra das temáticas que chamou a atención dos asistentes ás sesións formativas. Puideron comprobar a súa eficacia cara a xestionar a materia orgánica en orixe, convertendo este tipo de refugallo nun recurso –abono natural– que retorna á terra para dar unha nova

vida conforme aos principios da economía circular.

Coa chegada da obriga de habilitar o contedor marrón, os concellos mostraron un maior interese pola formación da veciñanza para que estes interiorizasen a relación de residuos orgánicos que está permitido depositar neste contedor e que coñecesen o proceso de tratamento na rede de infraestruturas habilitada por Sogama composta por catro plantas de biorresiduos e trece plantas de transferencia. No 2025 Sogama continúa con este programa externo para sensibilizar á cidadanía e dotala de ferramentas para pasar á acción.

Actualidade

Javier Domínguez visita o Waste Lab Bizkaia, centro referente en investigación e innovación en materia de xestión de residuos

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, visitou o Waste Lab Bizkaia, centro de referencia vasco en investigación, innovación, experimentación e colaboración no campo da xestión dos residuos. Domínguez participou en Euskadi no encontro dos máximos responsables das plantas de valorización enerxética de España e Andorra integradas na asociación Aeversu, da cal Sogama é membro

Javier Domínguez destacou o aporte deste centro de coñecemento ao avance no eido da xestión dos residuos cun claro enfoque cara a prevención e a economía circular. O máximo responsable de Sogama cualificou como “enriquecedor” o feito de ter a oportunidade de ver e coñecer outras iniciativas e experiencias que permitan ter unha visión global da problemática inherente á xeración e tratamento de residuos, e mesmo adoptar e moldear, de ser o caso, aquelas que poidan adaptarse a outros territorios. O Waste Lab está localizado no parque tecnolóxico de Bizkaia, en Derio, e traballa na búsqueda de solucións ás necesidades de seis colectivos estratéxicos: as empresas xeradoras e xestoras de residuos, os equipos de investigación de universidades, centros tecnolóxicos e empresas, as entidades locais con competencias en residuos, os estudantes de FP e Educación Superior, os profesionais de industrias creativas, tecnolóxicas e económicas e, finalmente, a cidadanía en xeral.

O presidente de Sogama fixo un percorrido polas instalacións deste centro no que se establecen diferentes espazos e experiencias adaptadas a cada público. Así, no nivel superior e zona de acceso ao Waste Lab atópase “A Rúa”, unha sala centrada na sensibilización a través de actividades inmersivas que achegan a importancia da correcta separación de residuos. “O Barrio”, no nivel inferior, é o núcleo



O presidente de Sogama, Javier Domínguez visitou o Waste Lab Bizkaia o pasado mes de febreiro.

de investigación e experimentación, sendo o seu obxectivo promover a convivencia e o traballo colaborativo entre investigadores,

profesionais e estudantes. No nivel medio, “A Praza”, créase un lugar de encontro onde converxen todos os axentes implicados.



Actualidade

27 centros educativos participan no programa "Recíclate con Sogama"

Promover a reciclaxe nas aulas así como a adquisición de boas prácticas vinculadas á xestión sostible dos residuos municipais son algúns dos obxectivos das sesións formativas presenciais contempladas no programa "Recíclate con Sogama", que no curso 2024-2025 chega a 27 centros educativos da comunidade



Xornada impartida nun centro escolar.

O proxecto abordou unha primeira fase na que se levou a cabo unha diagnose do nivel de implantación do principio dos tres erres -redución, reutilización e reciclaxe- en cada centro. A continuación, dotouse de recursos didácticos ás comunidades educativas que participan na iniciativa e recibiron a visita dos monitores ambientais de Sogama para explicar, co apoio de vídeos, presentacións e xogos, os pormenores da correcta xestión dos residuos producidos cada día

e que facer cos mesmos en función das súas características para que poidan ser recuperados. Grazas a Sogama, cada centro conta cunha illa de reciclaxe, conformada por catro contedores -azul, amarelo, marrón e xenérico- co obxectivo de que o alumnado deposite nos mesmos, respectivamente, papel e cartón; envases de plástico, latas e briks; materia orgánica; e a fracción resto. No caso dos centros que dispoñen dun xardín ou unha horta

tamén recibiron un composteiro para que poidan reciclar os restos orgánicos en orixe e convertelos nun abono que volverán a utilizar como fertilizante natural.

Na edición do curso 2024-2025 de "Recíclate con Sogama" participan 7 centros da provincia da Coruña, 6 de Lugo, 10 de Pontevedra e 4 de Ourense. Por primeira vez, o programa conta con institutos de secundaria e de FP básica, abrindo o proxecto a diferentes niveis educativos.



Actualidade

Estes son os erros máis comúns á hora de usar o contedor amarelo

O buscador de residuos en liña “[Onde Vai](#)” de Sogama contribúe a resolver as dúbidas dos cidadáns á hora de separar e depositar cada refugallo nos diferentes contedores dos servizos de recollida. O número de usuarios deste buscador on-line vai en aumento malia que a cantidade de materiais que empregamos na nosa vida cotiá, segue a orixinar dúbidas e provocar erros á hora de usar o contedor amarelo



O contedor está destinado exclusivamente a envases e envoltorios de plástico de carácter doméstico, ademais de latas e briks.

En moitas ocasións asóciase o contedor amarelo co depósito de plásticos en xeral, pero cómpre ter en conta que este recipiente está destinado exclusivamente a envases e envoltorios de plástico de carácter doméstico, como é o caso de botellas plásticas incluíndo o seu tapón, envases de produtos de hixiene e limpeza tales coma deterxentes, suavizantes ou tubos de pasta de dentes, envases de iogur ou cremas coa súa tapa, bandexas de plástico, envoltorios de papel filme ou bolsas de plástico, entre outros. O amarelo tamén está destinado á recollida de latas e briks. Con todo, hai erros que persisten no tempo por mor da confusión que se dá con determinados

residuos. Por elo é preciso aclarar que no contedor amarelo non se poden introducir elementos coma xoguete de plástico, biberóns e chupetes, utensilios de cociña e cubos de plástico. Este tipo de materiais deben ser depositados no punto limpo municipal ou, no seu defecto, no contedor da fracción resto. No caso de xoguete que se atopan en bo estado, poden doarse a organizacións sociais para que nenos e nenas sen recursos teñan a oportunidade de gozar dos mesmos. Outros materiais que tamén dan lugar a dúbidas, e que non deben ir a parar ao contedor amarelo, son o papel plastificado usado en carnicerías e peixarías, envases tipo tupperware, cápsulas de aluminio de café, moldes de silicona para

cocinar, termos, caixas de CD e DVD's, carcacas de vídeos de VHS e cintas de cassette, moedores e carteiras, bolígrafos, afialapis, chisqueiros, materiais plásticos de cadros ou fotografías, envases de medicamentos ou neceseres, por exemplo.

A correcta separación dos diferentes materiais e o depósito axeitado no correspondente contedor, facilita notablemente os procesos de clasificación para o seu envío aos centros recicladores, onde se converten en novas materias primas que se incorporan ao circuíto comercial cunha nova vida. Unha boa selección tamén se traduce nun notable aforro de enerxía e recursos, conforme aos principios da economía circular.



Actualidade



Ademais da formación, a veciñanza recibiu unha guía didáctica de autocompostaxe.

Gran acollida dos cursos de compostaxe doméstica nos municipios da Mancomunidade de Celanova

Sogama impartiu formacións sobre autoxestión da materia orgánica na Mancomunidade de Celanova, á que dotou no seu momento con 200 composteiros

O principal obxectivo das sesións formativas era instruír aos participantes no proceso a seguir para lograr un abono natural de alta calidade que cumpra con todos os requisitos normativos para ser aplicado na agricultura e xardinería con garantías.

A autoxestión da materia orgánica trae consigo un importante aforro de custos, tanto ambientais como económicos.

A gran acollida das sesións permitiulles lograr o seu obxectivo con éxito: servir de axuda para que os participantes do programa de autocompostaxe logren finalmente

un compost de alta calidade que cumpra con todos os requisitos normativos para ser aplicado na agricultura e xardinería con garantías e sen restricións. As formacións detallaron os pasos a seguir para converter a materia orgánica nun recurso.

Explicaron que o composteiro, con capacidade para 400 litros e fabricado con materiais reciclados e reciclables, debe colocarse no exterior da vivenda e en contacto directo coa terra. Incidiuse tamén nos materiais que poden introducirse no composteiro e os que non.

Máis aló da formación, os veciños recibiron unha guía didáctica de autocompostaxe na que se detalla todo o proceso, dando mesmo resposta ás preguntas máis frecuentes.


Esta autoxestión, non só posibilitará que os usuarios obteñan o seu propio abono e poidan prescindir da compra de fertilizantes artificiais, senón que poderán reducir a cantidade de residuos que acaban no contedor da rúa, propiciando con isto un aforro de custos, tanto ambientais como económicos.



Actualidade

A iniciativa de autocompostaxe nos concellos esténdese a novos municipios

O programa de compostaxe doméstica de Sogama chega cada ano a máis concellos. Neste caso, foron catro as administracións municipais galegas as que se adheriron a esta iniciativa, mentres que outros sete ampliaron a rede de composteiros cos que xa estaban equipados



Na provincia de Ourense, os veciños de Oímbra e Vilardevós contan xa con este sistema de reciclaxe do lixo orgánico, que permite un reaproveitamento mellor da materia prima orgánica e maior circularidade na xestión de residuos en todas as escalas. Na provincia de A Coruña, pola súa banda, foi As Somozas quen integrou o programa, e no caso de Lugo, foi Paradela quen o fixo.

Sogama adica esforzos cada ano a formar e concienciar á cidadanía en materia de reciclaxe facendo especial énfase na importancia da

circularidade á hora de xestionar os residuos para reducir o impacto medioambiental da cidadanía no seu día a día.

Para satisfacción da entidade pública, o programa non só medra chegando a novos concellos, senón que moitos dos que o implantaron, esténdeno a novas vivendas. Este é o caso dos municipios de Castrelo de Val, Manzaneda, Ríós e Baltar na provincia de Ourense; Vilargarcía de Arousa na de Pontevedra; Cervo, na provincia de Lugo; e A Pobra do Caramiñal, na provincia de A Coruña.

En total, son máis de 23.000 os composteiros repartidos polos concellos, centros educativos e colectivos sociais adscritos a esta iniciativa.

A autoxestión da materia orgánica, non só posibilita que os usuarios obteñan o seu propio abono e poidan prescindir da compra de fertilizantes artificiais, senón que poden reducir a cantidade de residuos que acaban no contedor da rúa, propiciando con isto un aforro de custos, tanto ambientais como económicos.

🔄 Volver á portada



Multimedia

E ti, reciclas ben?

A conta oficial de Sogama en Facebook compartiu un vídeo en clave de humor amosando os distintos tipos de persoas á hora de reciclar. Mostra exemplos dos erros máis comúns, como tirar os briks de leite no contedor azul, pero, por suposto, tamén destaca as boas prácticas dos bos recicladores.



[Acceso directo á web](#)

Enerxías limpas, clave de futuro

Co obxectivo de amenizar a divulgación sobre as enerxías limpas e insistir na súa importancia, Sogama propón, na súa plataforma pedagóxica "Caderno Verde", un xogo mediante o cal os usuarios poden aprender sobre as distintas medidas que a comunidade europea puxo en marcha para potencialas. Logo de cada acerto, a plataforma engade datos e contexto para completar a información.



[Ver o vídeo](#)

De xantar, rosca!

Tamén o proxecto Caderno Verde de Sogama, compartiu na súa web unha actividade interactiva para fomentar a divulgación da conciencia ecolóxica entre os mozos e mozas. A 'Rosca' presenta unha definición por cada letra do alfabeto e pon a proba os coñecementos sobre a reciclaxe dos usuarios.



[Ver o vídeo](#)

[Volver á portada](#)



Eventos

Sogama quiere potenciar o liderado de Galicia no sector téxtil

Sogama participou o pasado 21 de febreiro na presentación da 2ª edición da [Business Factory \(BF\) ClimaTech](#), a primeira aceleradora de empresas do ámbito ambiental e a economía circular de Galicia. Mirta Sueiro, directora xeral de Sogama, manifestou a intención de Sogama, unha das tractoras da BF, de potenciar o liderado de Galicia no sector téxtil, buscando proxectos innovadores que respondan ao desafío que supón recuperar téxtiles da fracción resto (bolsa negra). Trataríase dun proxecto con importantes beneficios ambientais, sociais e económicos, e que contribuiría de forma decidida á innovación, a competitividade e a dinamización do tecido empresarial galego.



Javier Domínguez participou na presentación dun informe sobre o potencial económico do sector dos residuos en España

O informe “O potencial económico do sector da xestión dos residuos en España”, promovido pola Fundación Fórum Ambiental, achega datos sobre a contribución da xestión de residuos á economía española. Tamén identifica o potencial e principais áreas de desenvolvemento económico do sector durante os próximos anos. Javier Domínguez, presidente de Sogama, moderou a mesa, “O compromiso, a creación de valor e a importancia do sector dos residuos en España”, contando coas achegas de compañías tales como FCC, GBI Paprec, Grupo Griñó e PreZero. A clausura do acto correu a cargo de Jordi Hereu, ministro de Industria e Turismo.



Eventos

A Xunta asesorará en materia de residuos ás entidades municipais para avanzar cara a circularidade

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, avanzou a posta en marcha dunha oficina específica de asesoramento técnico especializado en residuos municipais para acelerar o desenvolvemento dun modelo máis sostible e eficiente para a xestión dos residuos.

Representantes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade explicaron as diferentes liñas de axudas convocadas pola Xunta para 2025 nesta materia. Ademais, o Goberno galego prevé presentar no Parlamento antes de que remate o verán a futura Lei de administración ambiental simplificada.

Vázquez apelou á corresponsabilidade de todas as administracións para ofrecer o mellor servizo á cidadanía e avanzar cara ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030.



Curiosidades

2024, un ano de desafíos climáticos importantes para a Unión Europea

A CE salienta que, grazas á nova normativa que ofrece unha mellor información sobre a durabilidade dos produtos e combate o lavado de imaxe ecolóxico, os consumidores están en mellores condicións de contribuír á economía circular. O pasado ano, fenómenos meteorolóxicos extremos en toda Europa puxeron de manifesto as consecuencias do cambio climático e a necesidade de actuar con rapidez. A lei de restauración da natureza contribuír á recuperación dos ecosistemas e a aumentar a súa biodiversidade, mentres que as normativas sobre emisións industriais, gandeiras e de vehículos por estrada, así como a revisada sobre calidade do aire, propiciarán a limpeza do aire e da auga. No primeiro semestre de 2024, o 50 % da xeración eléctrica da UE



procedía de fontes renovables, unha tendencia que achega o cumprimento dos obxectivos

climáticos de reducir nun 55% as emisións GEI para 2030 e alcanzar a neutralidade climática para 2050.

Fonte e imaxe: Comisión Europea

Entra en vigor a Directiva sobre o cargador común, que aforrará custos, reducirá os refugallos electrónicos e simplificará a vida dos europeos

Logo da estandarización dos portos de carga, agora os dispositivos novos que se vendan na UE deben admitir a carga USB-C, segundo a Directiva sobre cargadores comúns da Unión Europea.

Reducir o número de cargadores necesarios simplificará a vida diaria dos europeos, ademais de minimizar os refugallos electrónicos derivados destes, que representan unhas 11.000 toneladas de residuos ao ano.

De aplicación a teléfonos móbiles, tabletas, cámaras dixitais, auriculares, cascos, consolas de videoxogos, altosfalantes portátiles, lectores electrónicos, teclados, ratos, sistemas de navegación portátiles e auriculares inernos vendidos na UE, a partir do 28 de abril de 2026



tamén será de aplicación aos computadores portátiles. Este cambio considera o aforro económico que supón -aproximadamente 250 millóns de euros ao ano en Europa-, ademais de ser un impulso á harmonización

da tecnoloxía de carga rápida, e, por suposto, á redución dos residuos electrónicos. As novas normas fomentan a reutilización dos cargadores, o que axuda a reducir a pegada ambiental.

Fonte e imaxe: Comisión Europea

🔍 [Volver á portada](#)

22



Curiosidades

A industria da reciclaxe de latas de aluminio achégase á circularidade total en 2050 con cifras récord en Europa

En 2022 recicláronse 580.000 Tn de aluminio, novo hito, evitando 5,4 millóns de Tn de CO₂ equivalente. Segundo o informe de Metal Packaging Europe e European Aluminium, o volume de aluminio reciclado aumentou en 10.000 Tn, marcando un crecemento do 1,7% e acadando unha taxa de reciclaxe do 75%.

Para avanzar cara o obxectivo do 90% de reciclaxe en Europa, persiste o desafío de mellorar as infraestruturas de recollida, particularmente mediante a implementación de Sistemas de Depósito e Retorno (SDR), imprescindible para chegar á meta proposta. O aluminio é un material



"permanente" que pode reciclarse infinitas veces sen perder propiedades. Aproveitando isto, a industria fíxose o ambicioso obxectivo de lograr a circularidade total para 2050. Logralo esixirá

esforzos colectivos, innovación en infraestruturas de reciclaxe e o apoio decidido das políticas nacionais. O sector do aluminio segue avanzando con determinación cara a un futuro máis sostible.

Fonte: Metal Packaging Europe
Imaxe: Pixabay

Todos os envases domésticos deben identificar o contedor de destino

En 2025, todos os envases para uso doméstico deben proporcionar información sobre a fracción ou o contedor de destino unha vez convertidos en residuos, quedando excluídos os envases B2B.

A normativa, enmarcada no Real Decreto 1055/2022 de Envases e Residuos de Envases, busca impulsar a reutilización e o enchido destes, e asegurar que todos sexan reciclables para 2030.

Na etiqueta deberase indicar se o envase é reutilizable e incorporar o símbolo asociado ao Sistema de Depósito, Devolución e Retorno (SDDR). Esta metodoloxía deberase aplicar, no prazo de 2 anos, aos envases domésticos de PET e polietileno de menos de 3 litros e dun só uso.

Os fabricantes deben reducir ao mínimo o peso e volume dos envases, tendo en conta a seguridade e a funcionalidade, e,



a través dos Sistemas Individuais ou Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SIRAP ou SCRAP), as empresas faranse cargo da xestión dos residuos de envases que poñan no mercado mediante o pago dunha taxa.

Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Pixabay

🔄 Volver á portada

23



Curiosidades

O mercado global da valorización enerxética en Europa tende cara á estabilidade, segundo un estudo de Ecoprog

Ecoprog, consultora especializada en tecnoloxía ambiental e enerxética, publicou o seu estudo anual sobre o mercado mundial de plantas e operadores para a valorización enerxética de residuos.

En 2024 existían máis de 2.800 plantas de valorización enerxética, cunha capacidade total de 576 millóns de toneladas anuais de residuos. Segundo este estudo, en 2033, haberá en funcionamento máis de 3.100 plantas, cunha capacidade superior a 700 millóns de toneladas. Apunta tamén que o mercado mundial de valorización enerxética aumenta en moitos países asiáticos (9 proxectos adicionais na India en 2024) e en Oriente Medio (5 proxectos só en Arabia Saudita e Qatar) grazas ao incremento da demanda.

O mercado europeo preséntase estable. En mercados tradicionais



como Francia, Alemaña e os países escandinavos, os proxectos de mantemento e modernización son os impulsores principais. Con todo, só en Polonia e a República Checa xa foron aprobados 10 proxectos para activar novas plantas.

Fonte: Ecoprog
Imaxe: Pixabay

Os empregos verdes poderían chegar a representar máis do 4% do PIB español en 2026

Segundo estimacións de Ener2Crowd, plataforma de investimento e aforro sostible número 1 de Europa, os empregos verdes, que representan actualmente o 2,5% do PIB español -máis de 500.000 postos- poderían supoñer en 2026 máis do 4% do PIB. A empresa destaca que a economía ambiental xerou xa 320.000 empregos, o 1,8% do total da economía. Esta progresión, non só contribuíría á redución da contaminación das cidades, mellorando tamén a calidade do aire, senón que demostra a importancia dun ámbito que continúa a crecer a un ritmo acelerado.

“O dato positivo é que os españois están maioritariamente a favor da transición enerxética e dunha economía baixa en carbono”, puntualizou Giorgio Mottironi, CSO e Co-fundador da entidade. Entre os sectores verdes de maior potencial en España atópanse o



desenvolvemento a gran escala das enerxías renovables, o desenvolvemento da economía circular, a construción, así como a mobilidade e o investimento sostibles.

Fonte: Compromiso RSE
Imaxe: Pexels

🔍 [Volver á portada](#)

24



Curiosidades

Organizacións sectoriais da reciclaxe piden á UE criterios harmonizados de fin de condición de residuo para os plásticos

A nova Lei de Economía Circular pretende crear unha demanda de mercado para os materiais reciclados e establecer un mercado único para os residuos. O desenvolvemento de criterios harmonizados de fin da condición de residuo para os plásticos resulta esencial para lograr unha economía verdadeiramente circular en Europa. A definición duns criterios para crear condicións equitativas, eliminar as barreiras do mercado e fomentar a confianza nos materiais reciclados é especialmente importante ante a expectativa de excedentes derivada das novas normas que prohiben as exportacións de residuos plásticos a países non membros da OCDE a partir de 2026.



A inseguridade xurídica impacta nas operacións dos recicladores de plásticos europeos ao traducirse en custos adicionais que limitan a capacidade de investimento tecnolóxico e innovador.

As asociacións asinantes instan á CE a avanzar nunha proposta legislativa que axude a impulsar a reciclaxe de plásticos en Europa e a aumentar a utilización de materiais reciclados.

Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Pixabay

A Comisión Europea lanza unha consulta pública para mellorar o acceso aos datos ambientais

A iniciativa GreenData4All da Comisión Europea lanzou unha consulta pública para impulsar a transformación verde e dixital en Europa, facilitando o acceso e a reutilización dos datos ambientais. GreenData4All responde á necesidade de facilitar o intercambio destes datos e desenvolver políticas eficaces que protexan o medio ambiente e apoiem unha economía de datos sólida. Os seus obxectivos inclúen mellorar o propio sistema de intercambio, impulsando así a competitividade e a innovación en toda a UE. Pretende que este cambio facilite unha mellor implementación de políticas e toma de decisións, e que fomenta a transformación dixital cara un ecosistema coherente entre o marco legal e outra lexislación europea na materia. A consulta convida a todas as partes interesadas a enviar os seus comentarios, desde cidadáns da



UE, ou expertos deste ámbito, ata empresas, ONGs ou académicos. Está dispoñible no portal "Díganos o que pensa", e aberta ata o 30 de abril de 2025.

Fonte: Comisión Europea
Imaxe: Pixabay

[Volver á portada](#)

25



Curiosidades

Os vertedoiros son os responsables do 74% das emisións de GEI en España procedentes da xestión de residuos

José María Baldasano, catedrático de Enxeñaría Ambiental da Universidade Politécnica de Cataluña, asegurou no I Foro Balear de Economía Circular e Xestión de Residuos que, en 2023, a xestión de residuos foi a responsable do 5,4% das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) en España, e o 74% das mesmas corresponderían aos vertedoiros.

O académico participou nunha mesa de debate onde deu a coñecer detalles sobre o tipo e nivel de emisións contaminantes, destacando a importancia de aproveitar o biogás xerado na xestión de residuos urbanos como enerxía.



O resto de participantes incidiron na importancia de fortalecer a cooperación interadministrativa, reforzar políticas e incentivar a innovación tecnolóxica para mellorar a eficiencia para cumprir os obxectivos europeos.

Tamén resaltaron a prevención da xeración de residuos e a valorización enerxética da parte non reciclable, así como reforzar a segregación e reciclaxe para facilitar a xestión eficiente e sostible do lixo.

Fonte: Real Academia Europea de Doutores
Imaxe: Pixabay

A CE presenta o Pacto Industrial Limpo para fortalecer a resiliencia e competitividade da industria europea fronte aos desafíos globais e económicos

Este Pacto busca dar resposta á recente presión da competencia global e aos altos custos enerxéticos que afrontan as empresas. A pretensión é eliminar barreiras ao progreso das compañías europeas, ofrecendo unha folia de roteiro clara cara a unha economía descarbonizada para 2050. O plan céntrase en dúas áreas claves: as industrias de gran consumo de enerxía e as tecnoloxías limpas, un sector fundamental para o crecemento e transformación da industria, e do fortalecemento da competitividade a nivel global. A creación dun Centro de Materias Primas Fundamentais da UE, xunto coa Lei de Economía Circular, acelerarán a transición cara a un modelo económico máis circular, e un uso eficiente das materias primas escasas.



Para diversificar as cadeas de subministración, a CE fortalecerá as alianzas comerciais con novos socios internacionais, e simplificará o Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono (MAFC).

Por último, investirase na capacitación de profesionais para sectores claves relacionados coa descarbonización industrial a través da nova Unión das Competencias.

Fonte e imaxe: Comisión Europea



Curiosidades

A Unión Europea destina 500 M€ a 91 proxectos para liderar a transición verde e sostible



O programa marco Horizonte Europa invierte 500 millóns de euros na financiación de 91 proxectos para cumprir os obxectivos do Pacto Verde Europeo. Estes abordan o reto de forma transversal.

- **Biodiversidade:** Xestión e mellora das redes de áreas protexidas, con especial atención ás especies polinizadoras.
- **Sistemas alimentarios:** Prevención e redución do desperdicio de alimentos, e desenvolvemento de produtos e procesos alimentarios respectuosos.
- **Sectores da economía circular:** Impulso á economía circular en diferentes sectores.
- **Medio ambiente:** Contribución a eliminar a contaminación causada polas actividades humanas nas augas doces e mariñas, os solos e o aire.
- **Terra, océanos e auga:** Exploración dos aspectos socioeconómicos e ambientais da agricultura en turbeiras para optimizar a rega.
- **Comunidades:** Empoderar ás comunidades locais do Ártico na toma de decisións ambientais, e analizar os factores conductuais que impulsan as eleccións de estilo.
- **Gobernanza:** Redes temáticas e de asesoramento da UE analizarán o papel dos medios de comunicación no fomento de boas prácticas.

Fonte e imaxe: Comisión Europea



Curiosidades

A cidade de Belém (Brasil) acollerá a COP30, un encontro clave para facer fronte á crise climática

A cidade de Belém acollerá en novembro a COP30, unha oportunidade histórica para reforzar a cooperación internacional e sentar as bases dun modelo sostible que protexa tanto ás persoas como ao planeta. Ademais de poñer no punto de mira a rexión amazónica, un sumidoiro vital de carbono que enfrenta ameazas de deforestación e tala ilegal constantes, este evento será o escenario principal dos esforzos globais contra a crise climática. Un dos principais desafíos será reafirmar o compromiso de limitar o quecemento global a 1,5°C por riba dos niveis preindustriais, un obxectivo clave do Acordo de París.



Respecto do financiamento, esíxese maior contribución das nacións ricas para implementar proxectos sostibles e transitar cara a economías limpas. Ademais, agárdase que a Corte

Internacional de Xustiza emita unha opinión consultiva sobre as obrigacións dos Estados en relación co cambio climático, un fito que podería definir o futuro do dereito ambiental.

Fonte: Diario Responsable
Imaxe: Pixabay

O Parlamento Europeo e o Consello acordan provisionalmente as normas para reducir o desperdicio alimentario e regular a xestión de residuos téxtiles

Para reducir o desperdicio alimenticio en 2030 e fomentar un sector téxtil máis sostible, o Consello e o Parlamento Europeo acordaron unha revisión provisional da Directiva marco sobre residuos. Unha vez aprobada, os Estados membros disporán de 20 meses para actualizar as súas lexislacións. Os compromisos inclúen reducir nun 10 % os residuos xerados durante o procesamento e fabricación de alimentos, e diminuír nun 30 % per cápita os residuos procedentes do comercio minorista, todo respecto a 2023.

No ámbito téxtil, as normas afectan á responsabilidade ampliada do produtor, polo que fabricantes e marcas abonarán unha taxa para financiar a recollida e tratamento



dos seus residuos. Os Estados membros poderán axustar as cuantías segundo criterios de sostibilidade. En 2027, avaliarase o papel da

producción primaria no desperdicio de alimentos, o impacto dos cambios na produción e a posible actualización dos obxectivos para 2030 e 2035.

Fonte: Parlamento Europeo
Imaxe: Pixabay

🔄 [Volver á portada](#)



Receitario

Divertida e sinxela

A xestión da cantidade de arroz branco ao cociñar é un reto común en moitos fogares. A miúdo, sobra arroz que se desbota por non saber que facer con el. Aquí vos presentamos unha receita sinxela e divertida, con ingredientes fáciles de conseguir e cociñar.

Esta receita está extraída do libro "[Sabroso reciclaje](#)", editado polo Penal de Monterroso. Recorda consultalo para aproveitar os excedentes cos que moitas veces non sabemos que facer.

Anímate a compartir as túas re-creacións culinarias etiquetándonos en [Instagram](#), [Facebook](#), [Twitter](#) e [LinkedIn](#)!

PELOTAS DE ARROZ



Ingredientes reciclados

- Atún
- Arroz sobrante
- Ovo do rebozado dalgunha receita anterior



Outros ingredientes

- Pan raiado



Elaboración:

1. O arroz branco sobrante mestúrase cun pouco de atún en aceite, facendo unha masa.
2. A continuación, coas mans iremos dándolle forma as pelotas.
3. Rebozamos as pelotas en ovo e pan raiado, e friximos.
4. Coas pelotas xa frixidas, montamos o prato. Neste caso, aproveitamos o ovo sobrante e un pouco de leituga, pero as opcións son sempre ao gusto de quen cociña, e especialmente dos produtos dispoñibles.

